Acta da sesión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, do día 5 de marzo de 2025

[MVAG/MCVR]

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes,** o día **5 de marzo de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
María Encarnación Amigo Díaz
(Presidenta)
José Manuel Mato Díaz
(Vicepresidente)
Montserrat Valcárcel Armesto
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Enrique Barreiro Sánchez
Cristina Campero Dorado
Juan Manuel Casares Gándara
Nicole Grueira Fernández
Ángel Rodríguez Conde
Cecilia Vázquez Suárez
Miguel Ángel Viso Diéguez

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Secundino Fernández Fernández
Ariadna Fernández González
Rosana Pérez Fernández
(en substitución de Xosé Luís Bará Torres)
Sonia Vidal Lamas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Lara Méndez López
María del Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Comparecentes:
Director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria-AGACAL
Director xeral de Defensa do Monte
Secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais

Letrada:
María Vicenta Aneiros González

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Comparecencia

1.1 19753 (12/CPC-000027)
Do director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, por petición propia, para informar da campaña Come Local
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 156f2, do 12.02.2025

A Presidencia, logo de darlle a benvida ao director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, explica o desenvolvemento da sesión, que consistirá nunha primeira intervención do comparecente por un tempo de 20; seguirá unha quenda dos grupos parlamentarios por un tempo de 10 minutos cada un e, para contestarlles, o comparecente contará cun tempo de 10 minutos. Finalmente, os grupos parlamentarios disporán de 5 minutos cada un, e pechará a comparecencia o director da Axencia.

Xa que logo, concédelle ao palabra ao **director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria-AGACAL (Consellería do Medio Rural) Martín Alemparte Vidal,** que pasa a informar á Comisión sobre a campaña Come Local.

Deseguido ábrese unha rolda de grupos parlamentarios, na que fan uso da palabra: a **señora Méndez López, Lara (S), e os señores Fernández Fernández, Secundino (BNG)** -*este, logo de amosar a súa protesta por non terse incluído as dúas iniciativas que lle corresponden ao seu grupo por sesión*; *aclarándolle a Presidencia que cando comparece o Goberno é costume incluír unha soa iniciativa por grupo parlamentario*- **e Viso Diéguez, Miguel Ángel (P),** que formulan diferentes preguntas e consideracións sobre a información recibida.

Ao remate das anteriores intervencións a Presidencia concédelle de novo a palabra ao **director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria-AGACAL, Martín Alemparte Vidal,** quen contesta ás consideracións formuladas polos anteriores voceira e voceiros.

A continuación ábrese unha segunda rolda para precisións por parte dos diferentes grupos parlamentarios, na que interveñen o **señor Ojea Bouzo (M),** a **señora Méndez López, Lara (S),** e os **señores Fernández Fernández, Secundino (BNG) e Viso Diéguez, Miguel Ángel (P).**

Finalmente o **director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria-AGACAL, Martín Alemparte Vidal**, contesta ás cuestións expostas polos portavoces, e coa súa intervención péchase o debate da comparecencia.

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta agradece novamente a presenza e colaboración do director de AGACAL nesta sesión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

Punto 2. Preguntas

2.1 16739 (12/POC-002815)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Conde, Ángel e 8 máis
Sobre a operatividade da base aérea transfronteiriza orientada á extinción de lumes forestais proxectada nos concellos de Oímbra e Verín e os beneficios que terá para Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 146f1, do 28.01.2025

A presidenta concédelle a palabra á **señora Campero Dorado, Cristina (P**), quen expón as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na iniciativa e que aparece publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **director xeral de Defensa do Monte (Consellería do Medio Rural), Manuel Rodríguez Vázquez.**

Na rolda de réplica a **señora Campero Dorado, Cristina (P**), agradece a información recibida, que comenta brevemente con novas consideracións ao respecto.

Pecha o debate da iniciativa o **director xeral de Defensa do Monte, Manuel Rodríguez Vázquez,** completando a información facilitada na súa anterior intervención.

2.2 19935 (12/POC-003323)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis
Sobre a existencia de queixas polas condicións de traballo do persoal dunha determinada explotación agraria de Begonte, as actuacións da Xunta de Galicia ao respecto e a evolución da ocupación da man de obra inmigrante no sector agrícola galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 159 f3, do 19.02.2025

A **señora Valcárcel Armesto, Montserrat (BNG),** logo de agradecer a resposta remitida pola Xunta de Galicia a unha pregunta sobre este mesmo tema, procede á defensa desta iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia intervén o **secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración), Pablo**

PARLAMENTO DE GALICIA

Fernández López.

En rolda de réplica a **señora Valcárcel Armesto, Montserrat (BNG)**, agradece a ampla información aportada polo secretario xeral, así coma o ton empregado, e solicita aclaración sobre algunhas cuestións concretas.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do **secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández López,** ampliando a información solicita pola deputada na súa intervención inmediatamente anterior.

A Presidencia agradece a presenza do señor Fernández López nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

Finalmente a presidenta agradece aos presentes o seu traballo na Comisión e lémbralles aos señores deputados que non esquezan a visita que teñen programada para o día 18 ao Centro do lume en Toén.

Remata a sesión ás 12:50 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcrición literal do punto primeiro da orde do día.)

María Encarnación Amigo Díaz

Firmado digitalmente por María Encarnación Amigo Díaz
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Encarnación Amigo Díaz, email=maria.amigo.diaz@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.04.21 12:31:35 +02'00'

Montserrat Valcárcel Armesto

Firmado digitalmente por Montserrat Valcárcel Armesto
Fecha: 2025.04.21 11:17:08 +02'00'

Montserrat Valcárcel Armesto
Secretaria da Comisión

V.º B.º
María Encarnación Amigo Díaz
Presidenta da Comisión

.../...